

CIRCULAR 136-2023. **CONTROL FGA PC – 16/12/2023 (XORNADA DE MAÑÁ)**

- *A todas as Delegacións da FGA*
- *A todos/as os/as asembleístas*
- *A todos os clubs galegos con licenza vixente*
- *A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente*
- *A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente*

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza este control o día 16 de decembro de 2023 en Expourense (Ourense).

Art.2).- Poderán participar atletas con licenza en vigor pola Federación Galega de Atletismo, dende a categoría Sub 16, permitíndose ós atletas Sub 14 e Sub 16 de último ano participar nas probas da categoría inmediatamente superior.

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://sdp.rfea.es/> ata as 20:00 horas do martes 12 de decembro.

- Establécese unha cota de inscrición de 4 euros por atleta.
- Serán válidas, na inscrición, as marcas realizadas nas tempadas 2022 e 2023.

Art.4).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

Art.5).- Cámara de chamadas

Os/as participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto.

Peche da cámara de chamadas → 5' antes da saída a pista.

SAÍDA A PISTA	
Minutos antes da hora oficial da proba	
Carreiras	5'
Concursos	20'

Os atletas deberán saír á pista coa camiseta e o dorsal posto.

Art.6).- Nos saltos horizontais as atletas disporán de 4 intentos, sen cambio de orde.



Art.7).-Horario Provisional

- O número final de series virá condicionado polo horario definitivo das probas combinadas.

CONTROL FGA - 16/12/20213 - XORNADA DE MAÑÁ					
HORA	PROBA	SEXO	HORA	PROBA	SEXO
10:00	Lonxitude	Mulleres	12:41	300 ml	Homes
11:05	60 ml	Homes	12:47	300 ml	Homes
11:11	60 ml	Homes	12:53	300 ml	Homes
11:17	60 ml	Homes	12:59	300 ml	Mulleres
11:23	60 ml	Homes	13:05	300 ml	Mulleres
11:29	60 ml	Homes	13:11	300 ml	Mulleres
11:35	60 ml	Homes	13:17	400 ml	Homes
11:41	60 ml	Homes	13:23	400 ml	Homes
11:47	60 ml	Homes	13:29	400 ml	Homes
11:53	60 ml	Mulleres	13:35	400 ml	Mulleres
11:59	60 ml	Mulleres	13:41	400 ml	Mulleres
12:05	60 ml	Mulleres	13:47	400 ml	Mulleres
12:11	60 ml	Mulleres			
12:17	60 ml	Mulleres			
12:23	60 ml	Mulleres			
12:29	60 ml	Mulleres			
12:35	60 ml	Mulleres			

Art.8).- A responsabilidade das inscricións dos atletas corresponderá ao seu club, salvo que sexan independentes. Aplicaranse as seguintes penalizacións:

- Nas 48 horas previas e na propia competición, calquera baixa ou a non participación final terá unha sanción de 5 euros por proba, salvo causa xustificada e comunicada previamente por escrito á FGA competicion@atletismo.gal
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos).
- Inscricións fora de prazo: 3 euros de recargo. A súa aceptación será competencia do director técnico, podendo ser esta denegada. direcciontecnica@atletismo.gal

Art.9).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.

A Coruña, a 7 de decembro de 2023

Carlos Castro Vicente
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo